

• AS CLASES DE PALABRAS

SUBSTANTIVO ou nome.

Común/ Propio
Individual/ Colectivo
Concreto/ Abstracto

PRONOME PERSOAL no lugar do nome.

eu - ti - el/ela
nós - vós - eles, elas

DETERM. POSESIVOS

Un posuidor	Varios posuidores
meu, teu, seu	noso, voso, seu
miña, túa, súa	nosa, vosa, súa
meus, teus, seu	nosos, vosos, seus
miñas, túas, súas	nosas, vosas, súas

NUMERAL

Ordinal (6º) /cardinal (6)

INDEFINIDO

moitos, algún, poucos, calquera, nada, ninguén, outro, outra, varios...

ADXECTIVO

Pregúntalle ó nome: como é? ou como está?

DETERM. ARTIGO

	determinado		indeterminado	
	masc	fem	masc	fem
sing	o	a	un	unha
pl	os	as	uns	unhas

DETERM. DEMOSTRATIVOS

Cerca	Distancia media	Lonxe
este	ese	aquel
esta	esa	aquela
estes	eses	aqueles
estas	esas	aquelas

CONXUNCIÓNS relaciona

palab-oracións

E, ou, nin, pero, porque, que

PREPOSICIÓNS

a, agás, ante, ata, baixo, canda, con, contra, de, deica, desde, durante, en, entre, onda, para, por, salvo, segundo, sen, sobre, tras, xunta....

• Lembra que, aínda que escribimos **ao** e **aos**, debemos pronunciar **sempre** ó e ós.

Debes ter en conta que as preposicións **a**, **de**, **con**, **en** e **por** poden formar contraccións con outras palabras: artigos, demostrativos, indefinidos, pronomes persoais...

Contraccións

preposición + artigo

As preposicións a, de, con, en e por contraen cos artigos o, a, os, as e un, unha, uns, unhas.

Vou cuns amigos ao parque.
(con + uns) (a + o)

preposición + demostrativo ou indefinido

As preposicións de e en contraen cos demostrativos este, ese, aquel...; e con algúns indefinidos como algún, outro...

El viaxa noutro autobús.
(en + outro)

preposición + pronome persoal

As preposicións de e en contraen cos pronomes persoais el, ela, eles, elas.

Aquel é Xoán. Este libro é del.
(de + el)

	o	a	os	as
a	ao	á	aos	ás
de	do	da	dos	das
en	no	na	nos	nas
con	co	coa	cos	coas
por	polo	pola	polos	polas

	un	unha	uns	unhas
de	dun	dunha	duns	dunhas
en	nun	nunha	nuns	nunhas
con	cun	cunha	cuns	cunhas

ADVERBIOS

TEMPO	LUGAR	MODO	CANTIDADE	AFIRMACIÓN
Onte, hoxe, mañá, antonte, pasadomañá, antes, agora, despois, sempre, nunca, cedo, tarde, pronto, axiña, logo, xa, acotío	Aquí, alí, aí, acolá, dentro, fóra, enriba, encima, embaixo, lonxe, cerca, diante, detrás, dentro, fóra, preto, lonxe	Así, ben, mal, mellor, peor, adrede, amodo, gratis, de balde -mente: facilmente, rapidamente	Dabondo, bastante, demasiado, máis, menos, moi, moito, todo, algo, pouco, nada, tan, tanto, case	si, efectivamente, abofé, tamén
				NEGACIÓN
				Non, nin, tampouco
				DÚBIDA
				quizais, seica, disque

SUXEITO

O **suxeito**: persoa, animal ou cousa que fai algo.

(Suxeito elíptico - non está expreso na oración, se sobreentende)

PREDICADO

O **predicado**: o que fai o suxeito.

Predicado nominal	Predicado verbal
Expresa un estado. Como é ou está o suxeito.	Expresa unha acción ou un proceso. O que fai o suxeito.
Núcleo: verbos ser, estar e parecer ou semellar (verbos copulativos).	O núcleo é calquera outro verbo (rir, coller, xogar...)- verbos predicativos.
Complemento: Atributo. Pode ser substantivo, pronome persoal, adxectivo, complemento con preposición.	Complemento: <ul style="list-style-type: none"> - Complemento Directo (CD) - Complemento indirecto (CI) - Complemento circunstancial (CC) CC de instrumento (CCI) CC de finalidade (CCF) CC de lugar (CCL)
Exemplo: Lois parece aburrido. Parece: verbo copulativo Aburrido: atributo.	

1. Substituír o CD polos pronomes persoais.

• **O, a, os, as**, se o verbo remata en **vogal** (que non forme parte de ditongo) ou en consoante que non sexa -s ou -r.

O neno le un libro. O neno lea.
CD CD

• **No, na, nos, nas**, se o verbo remata en **ditongo**.

O neno leu un libro. O neno leuno.
CD CD

• **Lo, la, los, las**, se o verbo remata en **-s** ou **-r**.

Ti les un libro. Ti lela.
CD CD

2. Preguntarlle ao verbo: Que? ou A quen?

Eu como unha pera. → **Que** comes? → Unha pera
CD

Busco a Helena. → **A quen** buscas? → A Helena
CD

No caso do complemento indirecto (CI), sempre vai introducido polas preposicións **a** e **para**. Do mesmo xeito que o CD, o CI tamén o podemos recoñecer de dous xeitos.

1. Substituír o CI polos pronomes persoais lle, lles:

El mercou pan ao panadeiro. El mercoulle pan.
CD CI CI

El mercou pan para os fillos. El mercoulles pan.
CD CI CI

2. Preguntándolle ao verbo: A quen? ou Para quen?

El mercou pan ao panadeiro. **A quen** mercou pan?
Ao panadeiro

CI
 El mercou pan para os fillos. **Para quen** mercou pan?
Para os fillos
CI

Imos ver agora como se recoñecen os complementos circunstanciais.

Complemento circunstancial de instrumento (CCI). Recoñécese preguntándolle ao verbo: **Con que?**

Cortei o xamón co coitelo. **Con que** cortei o xamón? Co coitelo
CCI CCI

Complemento circunstancial de finalidade (CCF). Recoñécese preguntándolle ao verbo: **Para que?**

Traio un balón para o xogo. **Para que** traio un balón? Para o xogo
CCF CCF

Complemento circunstancial de lugar (CCL). Recoñécese preguntándolle ao verbo: **Onde?**

O pintor está no estudio. **Onde** está o pintor? No estudio
CCL CCL

ORACIÓN

Activas: o suxeito axente realiza a acción do verbo activo.

Pasivas: o suxeito paciente recibe a acción do verbo pasivo.